

## Outra información de interese

- Reducións do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE)
- Reducións no Imposto sobre Sucesións
- Deducións no Imposto de Sociedades
- Exención de taxas para acceder ás probas selectivas no emprego público estatal
- Descostos no prezo do transporte público que ofertan algúns concellos (BONO-BUS)
- Programa de respiro familiar (vacacións de saúde)
- Termalismo Social do IMSERSO

### **IMPORTANTE**

**EN CADA CONCELLO HAI ALGÚNS BENEFICIOS DISTINTOS, NO CASO DE TRASLADARSE SOLICITE A INFORMACIÓN NO NOVO CONCELLO.**

## Certificado de Discapacidade

### **CONCEPTO:**

O certificado de discapacidade é a acreditación do tipo e grao de discapacidade dunha persoa.

### **REQUISITOS:**

Ter unha discapacidade física, psíquica ou sensorial, ou padecer unha enfermidade incapacitante ou crónica grave, valorada cun 33% como mínimo.

### **DOCUMENTACIÓN PARA OBTELO:**

#### *RECOÑECEMENTO DA CONDICIÓ DE DISCAPACITADO:*

- Impreso de solicitude
- Documentación Nacional de Identidade ou libro de familia
- Informes médicos actualizados
- Cartilla de asistencia santiaria

#### *RECOÑECEMENTO HOMOLOGADO SITUACIÓNS DE INVALIDEZ PERMANENTE OU DISCAPACIDADE:*

Orixinal, copia ou fotocopia autorizada da resolución, ou no seu caso, sentenza firme, declarativa da situación de invalidez ou discapacidade a efectos de prestacións da Seguridade Social.

### **LUGAR:**

Centro de Servicos Sociais (Concello de Brión), ou Delegacións Provinciais da Consellería de Asuntos Sociais.

**PRAZO DE PRESENTACIÓN:** Todo o ano

## Certificado de Discapacidade



Concello de Brión

**Centro Social Polivalente**  
Avda. Santa Minia, 46  
15865 - BRIÓN

Teléfono: 981 50 99 10

Fax: 981 50 99 78

E-mail: [ssociaisbrion@briondixital.org](mailto:ssociaisbrion@briondixital.org)

## Beneficios que aporta o Certificado de Discapacidade

### EDUCACIÓN:

- A Discapacidade do alumno, pais ou irmáns, proporciona puntuación nas solicitudes de admisión de alumnos en Centros docentes non universitarios con límite de praza.
- En carreiras Universitarias con límite de prazas, accederán todos aqueles que teñan recoñecida unha discapacidade do 65% ou superior, unha vez superadas as probas de aptitud ou selectividade.
- Asimesmo accederán tamén todos aqueles que teñan perda da fala, sordomudos, sordeira total profunda, con un 35% de discapacidade.
- Na gardería municipal tamén se ten en conta a discapacidade de pais ou fillos cando sexa necesario baremar por falta de prazas. (Servicios Sociais Concello)

### EMPREGO:

- Tanto as empresas con máis de 50 traballadores como as Administracións Públicas están obrigadas por lei, a cubrir alomenos un 2% dos seus postos con traballadores discapacitados.
- As empresas que contraten por tempo indefinido e a xornada completa, a traballadores discapacitados, terán dereito a unha subvención, por cada contrato de traballo e bonificacións da cota á Seguridade Social do 70% os menores de 45 anos e do 90% os maiores de 45 anos.
- Axudas para traballadores discapacitados que se constituían en traballadores autónomos.

- Axudas para contratación (tanto pública como privada)

### RENDA ACTIVA DE INSERCIÓN (RAI): (INEM)

Programa do INEM que combina a percepción dunha renda coa busca activa de emprego. Requisitos: estar inscritos ininterrompidamente como desempregados durante 12 ou máis meses, non ter rendas propias superiores ó 75% do SMI, grao de discapacidade igual ou superior ó 33% e non ter dereito a prestación e subsidio de desemprego.

### IMPOSTO SOBRE A RENTA: (Facenda)

Deducción dunha cuantía que cada ano se determina.

### VEHÍCULOS:

- Exención na matriculación de vehículos para discapacitados.
- Reducción do I.V.E. nos coches de discapacitados (concesionarios).
- Reducción do 50% do importe das taxas para solicitar a prórroga de vixencia do permiso de conducir. (Xefatura Central de Tráfico)
- Exención do imposto municipal de vehículos, sempre que no certificado de discapacidade apareza reflexado que o *“discapacitado ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización de transporte colectivo”*. (Servicios Sociais do Concello)
- Tarxeta de aparcamento os que cumpran os requisitos esixidos (Servicios Sociais do Concello)

### VIVENDA: (Instituto Galego de Vivenda e Solo)

En vivendas sociais, reserva de vivendas adaptadas a discapacitados con graves problemas de mobilidade.

### TRANSPORTE:

- Tarifas especiais con reducións para viaxes rexionais, cercanía, AVE e longo percorrido. (Renfe, Iberia,...)
- Tarxeta Social Metropolitana: para persoas cun grao do 65% de discapacidade e ingresos por debaixo de 798,76 €/mes. (Servicios Sociais Concello)

### TELEFÓNICA: (Servicios Sociais Concello)

Reducción da cota as persoas da 3ª idade e ós Incapacitados Absolutos. Discapacitados cun 65%, sempre que non superen o límite de ingresos anual establecido.

### CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA (Servicios Sociais Concello)

Será considerada familia numerosa aquela con dous fillos sempre que alomenos un destes sexa discapacitado ou estea incapacitado para traballar.

Cando os pais sexan discapacitados os dous ou polo menos un deles cun grao de discapacidade do 65%, con dous fillos, tamén serán considerados familia numerosa.

### PROGRAMA DE ACOLLEMENTO FAMILIAR:

A minusválidos maiores de 18 anos, cun grao de discapacidade igual ou superior ó 65% que cumpran os requisitos esixidos.

### PRESTACIONS FAMILIARES POR FILLO A CARGO:

Da Seguridade Social para discapacitados, menores de 18 anos cun grao igual ou superior ó 33% e ó 65% ou superior para maiores de 18 anos.

### PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA DE INVALIDEZ:

Dos cotados maiores de 18 anos, cun grao de discapacidade ou superior ó 65% que cumpran os requisitos esixidos.